



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO COMPOSTO POR VARIAS ACTIVIDADES DENTRO DO XACOBEO 2021-2022

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Francisco Javier Escobar Vidal, na súa condición de presidente da Asociación Orquestra Vigo 430, CIF G27743475, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

O proxecto da Orquestra Vigo 430 naceu en 2005, co obxectivo último de proporcionar á poboación galega de unha formación musical profesional e de calidade, integrada na súa maior parte polos expoñentes máis brillantes das novas xeracións de músicos galegos recentemente graduados, así como por destacados músicos free-lance do resto do país e do estranxeiro. Considérase fundamental esta combinación de talento propio e foráneo, todo co denominador





común da xuventude e un alto nivel, para obter o resultado artístico que se busca. Entre os obxectivos principais do proxecto está a creación de novos públicos, co fin de eliminar a barreira psicolóxica que existe para gran parte da poboación cando se achega a un concerto de música clásica.

O proxecto musical da OV430 está composto por tres liñas principais:

- Orquestra Sinfónica: eixo principal do proxecto. Segundo o repertorio, varía entre 38 e 68 músicos.
- Orquestra barroca: formación especializada na música do período barroco e preclásico, empregando instrumentos similares aos da época na que se creou a música, así como criterios musicais e técnicos historicamente informados.
- Conxuntos de música de cámara: queremos aproveitar a versatilidade que nos ofrece a formación sinfónica para combinar formacións heteroxéneas e variadas en cada concerto de música de cámara, ofrecendo así repertorios que raramente poden atoparse no mesmo programa.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro do ámbito das súas competencias, vai desenvolver diferentes accións dentro dos valores culturais do Camiño de Santiago aproveitando a celebración do Xacobeo 2021-2022

Cómpre ter en conta que a celebración de cada Ano Santo ten unha vertente principal de carácter cultural. Esa vertente debe planificarse e desenvolverse desde a Consellería que ten competencias en materia de cultura, como así vai suceder de cara ao Xacobeo 2021-2022. O apoio á cultura no marco do Xacobeo 2021-2022 materialízase desde a Consellería con competencias en cultura a través da programación dos equipamentos culturais propios; a través da organización directa de ciclos, programacións e eventos culturais; e a través da colaboración con distintas entidades culturais externas de relevancia.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Orquestra Vigo 430 para a realización dun proxecto composto por varias actividades dentro do Xacobeo 2021-2022.

Programación prevista. Custo total 100.000 €

Tres programas diferentes, dos que se realizarían tres concertos por programa (9 en total) en distintas localidades.





1) Programa 1: Orquestra Sinfónica Vigo 430

Solista: Alexandra Wittingham

Directora: Jhoanna Sierralta

Programa: Ponce: “Concierto del Sur” + “Estampas nocturna I y II”

A. Gaos: Impresion nocturna

2) Programa 2: Orquestra Sinfónica Vigo 430

Piano Solista

Directora: Isabel Rubio

Programa: Durán: Variaciones sobre “Rosa de abril” para piano y orquestra de cuerdas.

J. Turina: Oración del torero A. Dvorák: Serenata para cuerdas B. Bartók: Danzas rumanas.

3) Programa 3: Orquestra Sinfónica Vigo 430

Solista: Soprano: Eugenia Boix

Coreografía e danza: Alejandra Balboa.

Director: Pavel Amilcar

Programa: Händel: Selección de arias da ópera “Alcina”

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características. No ámbito sinfónico a Orquestra Vigo 430, despois da Sinfónica e da Filharmonía é a máis importante de Galicia.

Por todo o anterior é o Asociación Orquestra Vigo 430, que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Orquestra Vigo 430

O Asociación Orquestra Vigo 430 comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia e tamén deberá figurar a marca do Xacobeo Galicia 21-22, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, que poderán descargar a través do seguinte enlace <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>.





Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Entidade deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Entidade ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Entidade deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Entidade deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Entidade comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aboar ao Asociación Orquestra Vigo 430 a cantidade de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.781.1, código de proxecto 2020 00111. fondos finalistas (3211) dos orzamentos de 2021.





No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (100.000 €), a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

De acordo co previsto no artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Entidade poderá solicitar pagamentos anticipados ata un máximo do 50% (50.000,00 €) do importe total da subvención concedida; de acordo co previsto no artigo 62 do Regulamento de Subvencións tamén poderá solicitar pagos á conta, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 80.000 €.

Neste suposto o beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2021.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Entidade presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluíra a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e das actuacións de promoción en exclusiva do Xacobeo. Deberá incluír fotos ilustrativas da actuación efectuada, da inclusión do logo da Xunta de Galicia e da marca do Xacobeo 2021.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.





- No que respecta aos gastos de persoal, deberán achegarse orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo e dos partes de alta na Seguridade Social dos traballadores e no seu caso o documento de concesión do ERTE (Boletín de cotización modelo TC2; RLC recibo de liquidación de cotizacións, antigo modelo TC1, e xustificante bancario do ingreso de cotizacións á Seguridade Social), así como ás nóminas e xustificantes do seu pagamento, así como do pagamento do IRPF.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2021, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Entidade non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e polo presidente da Asociación Orquestra Vigo 430.

SEXTA.- Causas de resolución





O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Entidade acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMA.- Administración dixital





As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



